

A EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE COMO TEMA TRANSVERSAL: UNHA PROPOSTA PARA TRABALLAR NA TITORÍA

Dolores Varela Salgado⁽¹⁾; Purificación Días Silva⁽¹⁾;
Concepción Fernández Fernández⁽¹⁾; Xesús Ferreiro Núñez⁽¹⁾;
Ana Fuertes Besada⁽¹⁾; Rocío Gulías Folgar⁽¹⁾;
Angelina Lavandera Bravo⁽¹⁾; Fermín Martínez Gutiérrez⁽¹⁾;
Mónica Puga Vilaboa⁽¹⁾; Juan Villaverde Fontán⁽²⁾.
Carmen Martínez Dapena⁽³⁾

RESUMO

Este traballo sintetiza a experiencia realizada por un grupo de profesoras e profesores durante o curso 2000/2001 nun Instituto de Ensino Secundario da cidade de Pontevedra. O grupo reuníuse durante 17 sesións de traballo baixo a modalidade de formación en centros de traballo que tiveron por título *Educación para a Igualdade*, sendo coordinado por unha docente do propio centro e asesorado desde o CEFORE da mesma localidade.

Nun apartado introductorio contextualízase a experiencia e expóñense en síntese os obxectivos previstos, contidos traballados e conclusións xerais ás que chegou o grupo. Preséntase a continuación unha proposta de traballo de educación para igualdade partindo do visionado e suxerencias da película *Billy Elliot*, de Stephen Daldry. O formato proposto para abordar dita temática desde a transversalidade, así como desde a especificidade das distintas áreas do currículo, é o de unidade didáctica. A técnica suxerida susténtase no videoforum, aínda que fican abertas outras posibilidades.

ABSTRACT

This work reports the experience realised by a group of teachers during the 2000-2001 course in a Secondary School Institute of Pontevedra. There was 17 sessions of formation in work centers with the title *Education for the equality*, the group being coordinated by one of the teachers and advised from the CEFORE of the same city.

In the introduction the experience is contextualised and the objectives, the studied contents and the general conclusions are related. After that a work proposal from the Stephen Daldry film *Billy Elliot* is showed. The choosen format to study this topic from the transversality, as well as from the specificity of the different curriculum areas, is the Didactic Unit. Although the technique is the videoforum, different possibilities are opened.

INTRODUCCIÓN

O Instituto de Ensino Secundario (I.E.S.) “A Xunqueira I” está ubicado nos arrabales da cidade de Pontevedra, ó pé da marxe dereita do río Lérez, compartindo un espacio dotado de

(1) I.E.S. “A Xunqueira I”. R/ Alexandre Bóveda 1, Pontevedra

(2) I.E.S. “Luis Seoane”. R/ Luxemburgo s/n. Monteporreiro, Pontevedra

(3) Asesora de CEFORE de Pontevedra

instalacións educativas, culturais e deportivas. No citado espazo, ademais do centro, existen dous IES máis, a Escola Oficial de Idiomas, dous Centros de Educación Infantil e Primaria, o Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo e o Centro de Formación e Recursos do Profesorado de Pontevedra (CEFORE). Así mesmo, no entorno do IES “A Xunqueira I” están dotacións deportivas como o Pazo dos Deportes ou o Estadio Deportivo, e culturais como o Pazo da Cultura.

O IES “A Xunqueira I” naceu fai unha vintena de anos e acolle actualmente nas súas aulas a máis de oitocentos mozos e mozas da cidade e doutros concellos próximos: Meis, Barro, Campolameiro, Marín...Cursan estudos de ESO, Bacharelato de Artes, Científico-Tecnolóxico e de Humanidades, Ciclo Formativo de Grao Superior en Educación Infantil e Ciclo Formativo de Grao Medio de Laboratorio, así como a especialidade de formación profesional “Xardín de Infancia”, que se está a extinguir.

O grupo de traballo estivo formado por sete profesoras e tres profesores, con idades que se sitúan entre os 25 e os 50 anos. A razón ou motivación inicial para tomar parte no mesmo foi común: a necesidade de mellorar a formación como educadoras/es de mozos e mozas en igualdade. As especialidades de procedencia (Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza, Debuxo, Língua e Literatura Galega e Castelá, Ciclo Formativo de Grao Superior en Educación Infantil e Xardín de Infancia) permitiron unha ampla variedade de perspectivas e experiencias que se analizaron no grupo. A metodoloxía empregada foi activa e participativa, dado que na maior parte das sesións se traballaron documentos aportados polos componentes do grupo e reflexionouse a partir das experiencias acaecidas durante o seu exercicio docente.

Os obxectivos a alcanzar co grupo de traballo pódense resumir nos seguintes:

- Chamar a atención sobre cómo as mulleres e a súa experiencia non aparecen suficientemente valoradas no mundo escolar.
- Promover a reflexión sobre o feito de que valorar ás mulleres na mesma medida que ós homes é unha fonte de riqueza e non de desigualdades.
- Amosar unha serie de prácticas no ámbito escolar que reflicten discriminacións sexistas.

Os contidos traballados no curso xiraron entorno á linguaxe empregada polo profesorado, polo alumnado e nos libros de texto; ós contidos dos textos escolares, ás actitudes e formas de relación entre alumnado, entre profesorado e entre profesorado e alumnado; e á prevención da violencia de xénero desde o ensino.

Como conclusións xerais ás que chegou o grupo, logo de 50 horas de traballo, distribuídas en 17 sesións, sinalamos en síntese as seguintes:

- a) As relacións que se establecen nos centros escolares están mediadas pola variable de xénero, podendo afirmarse que son *sexuadas*.
- b) No proceso de ensinanza-aprendizaxe están presentes os modelos establecidos, cunha valoración implícita e xerárquica do masculino sobre o feminino.
- c) O cambio de modelo educativo non pode ser efectivo se certas condutas do profesorado ou alumnado non son desterradas dos centros escolares.

Na vixente Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE) de 1990 é onde se reconece de maneira explícita a transversalidade coma un continuum que ha de atravesar o currículo ó longo de toda a escolaridade. Como obxectivos fíxase a adquisición de hábitos, valores e actitudes críticos ante a realidade. A metodoloxía ha de ser globalizadora coa finalidade de conquistar o desenvolvemento da personalidade plena do alumno ou alumna: O rol que ha de desempeñar a educadora ou o educador pasa por suxerir obxectivos de aprendizaxe, partindo de experiencias previas do alumno ou alumna, para logo axudarlle a interpretar a información manexada. Mais, os eixos transversais non deben ser contido dun día ou dunha sesión concreta, senón que deben ser temas que impregnen o currículo na súa totalidade. A transversalidade está concebida para ir máis alá da adquisición de coñecementos, na acepción clásica, dado que pon o énfase na modificación de actitudes e adquisición de hábitos e valores.

Desde esta óptica é desde a que foi concebido este traballo para o seu emprego na aula, como proposta para a súa utilización nas sesións de titoría, dado que nelas se abordan multitude de temas. Pero tamén esta unidade didáctica ofrece a posibilidade de ser empregada nas aulas como recurso do currículo específico.

BILLY ELLIOT



FICHA TÉCNICA

Nacionalidade: Gran Bretaña
Director: Stephen Daldry
Dir. Fortografía: Brian Tufano
Música: Stephen Warbeck

Título orixinal: Billy Elliot
Dir. Artística: María Djurkovic
Producción: Greg Brenman
Duración: 112 minutos

FICHA ARTÍSTICA

Jamie Bell (Billy Elliot)
Gary Lewis (pai)
Jean Heywood (avoa)

Julie Walters (Sra. Wilkinson)
Jamie Draven (Tony Elliot)
Stuart Wells (Michael)

BREVE RESEÑA

A cinta narra a historia dun adolescente, Billy Elliot, que descubre a súa paixón polo baile en medio da convulsa situación da comunidade de Durham (Inglaterra), durante a folga mineira de 1984.

Obxectivos xerais

- Reflexionar sobre a influencia do xénero na elección de profesións e aficións.
- Fomentar a mellora da autoestima na adolescencia
- Reflexionar sobre as relacións familiares inter e intraxeracionais (pais/nais con fillos/fillas, irmáns/irmás, etc).
- Fomentar a tolerancia á diversidade de opción sexual, profesional, cultural, modos de vida, etc, e aprender a respetala.
- Analizar a influencia do entorno/ambiente socioeconómico na formación das persoas e na toma de decisións.
- Promover a sensibilidade e creatividade como valores enriquecedores da persona.
- Analizar e reflexionar sobre a amizade como valor e forma de relación clave na vida dos seres humanos para a toma de decisións importantes.
- Exemplificar as dificultades que ofrece a vida para a toma de decisións, para conseguir levar a cabo unha idea e/ou vocación ou para o traballo e a defensa de intereses laborais.
- Evidenciar a necesidade de afán de superación e o espírito de sacrificio para a consecución das metas fixadas na vida.

Destinatarios/as

Estudiantes de 1º Ciclo e 3º curso de ESO. O período de desenvolvemento correspóndese co comezo do pensamento abstracto, así como do acceso ó razoamento científico, a partir do cal se establecen discursos racionais sobre a realidade social. Os mozos e mozas destas idades responden ás seguintes características:

- Están en plena adolescencia, un pouco máis adiantada no caso das mozas, o que conleva problemas de identidade e de reelaboración da súa imaxe corporal e persoal, ó estar permanentemente sufrindo cambios físicos e de estatus.
- A inseguridade é outro factor determinante, polo que estarán permanentemente na necesidade de autoafirmarse, empregando para elo calqueira elemento que llelo permita.
- A influencia do grupo de iguais será cada vez maior, cunha lealdade e adaptación as súas esixencias moi elevadas, restándolle así importancia á opinión dos familiares e adultos en xeral.
- Posúen gran conciencia crítica, pero a autocrítica é escasa. Xa non serve o que din os adultos e adultas e piden explicacións e xustificacións constantemente. Teñen tendencia a rebelarse contra todo o que signifique autoridade, a medida que aumenta a súa idade.

TEMAS TRANSVERSAIS

SOBRE O XÉNERO

1. Describe brevemente as persoases da película que máis che chamaron a atención:

	Como é	Que fai	Como vive
Billy E.			
Pai			
Tony E.			
Michael			
Mestra			

2. Agora pensa durante un momento que ocorrería se..... por exemplo:

- Te adicases a coidar bebés**
-
- Foses mecánico/a**
-
- Foses bailarín/a**
-
- Foses cantante de orquestra**
-

3. Das seguintes profesións e afeccións indica cales son de homes e cales de mulleres e por qué cres que é así:

1. filatelia
2. mecánica
3. gastronomía
4. cociña
5. escultura
6. música
7. baile
8. conducir coches
9. pintar
10. entrenadores deportivos



4. Sobre o baile ¿Por que pensas que se considera unha profesión máis acaída ás mulleres que ós homes? ¿Cal é a túa opinión?

.....

.....

.....

5. Agora podes buscar información sobre os/as seguintes artistas e describir cales son as súas características máis destacables:

1. Joaquín Cortés _____
2. Sara Baras _____
3. Antonio Canales _____
4. Back Street Boy's _____
5. Nacho Duato _____



SOBRE A TOLERANCIA

O respecto, a amizade e a comprensión para as persoas con outros gustos e modos de ser diferentes do noso:

1. ¿Que opinas da amizade entre Billy e Mike?

.....

2. ¿Cres que a relación entre Billy e a súa profesora de baile é unha simple relación de alumno/profesora, ou existe tamén outro tipo de relación?

.....

3. Valora as distintas profesións de 0 a 10:

- Músico/a
- Pintor/a
- Electricista
- Fontaneiro/a
- Psicólogo/a
- Profesor/a
- Efermeiro/a
- Médico/a
- Empregado/a do fogar
- Albanel/a
- Bailarín/a

4. Cres que algunha destas profesións son máis femininas ou máis masculinas ca outras? Xustifica a túa resposta.

.....



SOBRE AS RELACIÓNS FAMILIARES E DE AMISTADE

A continuación presentámosche varias actividades para que reflexiones sobre as relacións entre os adultos e adultas e os mozos e mozas, sobre as relacións familiares e sobre a amizade. Comenzamos polas relacións cos adultos/as:

1. ¿Que temas tratas habitualmente co teu pai e a túa nai? ¿Canto tempo adicas a falar con eles?

.....

2. ¿Falas algunha vez con eles, cos teus profesores/as ou con outras persoas maiores sobre o que che gustaría facer de maior?

3. ¿Axúdanche a orientarte sobre o que pode ser máis convinte que estudies? Enumera o que teu pai e a túa nai consideran máis apropiado para ti e o que consideran menos apropiado.

4. ¿Cres que é posible explicarlles as túas preferencias e que te entendan?

As seguintes cuestións refírense ás relacións familiares:



Irmáns/ás

1. Sobre a relación cos teus irmáns ou irmás ¿Pensas que teñen os mesmos gustos ca ti?

2. ¿Discutes a miúdo con eles? ¿Cales son as discusións e problemas máis frecuentes cos teus irmáns?

3. ¿Que relación cres que ten ó principio da película Billy co seu irmán maior?

4. ¿Como cres que foi variando esa relación e que ocorre para que o irmán acepte a decisión de Billy? ¿En que momento cambia a relación entre os irmáns?

Nai

1. ¿Que papel ocupa a nai de Billy Elliot na súa vida?

2. ¿A relación coa túa nai é cercana? ¿Cóntaslle os teus problemas?

3. ¿Os temas dos que falas coa túa nai son os mesmos que co resto da familia? ¿Que diferencias atopas?

Pai

1. ¿Estás cercano/a ó teu pai? ¿Cóntaslle os mesmos problemas que a túa nai? ¿Por que?

2. ¿Cres que a relación de Billy Elliot co seu pai é satisfactoria? ¿Cóntanse o que sinten?

3. ¿Que significa para o pai de Billy Elliot aceptar a súa decisión?

4. Lembra algo que creas que significou un sacrificio para o teu pai e a túa nai e explícao a túa maneira.

Amigos/as

Neste novo apartado introducimos algúns aspectos sobre as relacións de amizade que establecemos con aquelas persoas que escollemos para confiarlles as nosas opinións ou problemas e coas que compartimos experiencias:



1. ¿Qué tipo de amizade consideras que une a Billy Elliot e ó seu amigo?

2. ¿Tés algún(ha amigo/a íntimo/a)? ¿Sínteste comprendido/a por el/a?

3. ¿Por qué cres que na película a amizade de Billy coa filla da profesora é imposible?



SOBRE A HOMOSEXUALIDADE

O ballet, ademais dunha profesión, é unha forma de expresión artística.

1. ¿Por que cres que é considerado como algo feminino?

2. ¿Pensas que é algo raro que a Billy non lle interese o boxeo como ós demais mozos da súa idade?

3. ¿Paréceche que eso pode indicar que Billy é homosexual?

SOBRE A SOCIEDADE

Neste novo apartado propoñémosche reflexionar sobre cómo a sociedade condiciona o desenvolvemento persoal e as nosas decisións. Por exemplo, na Idade Media, segundo a procedencia social non podías realizar outra actividade diferente da que realizaba a túa familia.

1. ¿Pensas que na película, a xente da cidade de Billy Elliot ten a posibilidade de escapar do destino de traballar na mina?


2. ¿Pensas que a cultura e a preparación persoal pode salvar de situacións indesexables? ¿Coñeces algún exemplo?

3. ¿En que se diferencia a realidade e a vida de Billy Elliot da dos demais?

4. ¿En que cres que consiste a súa “liberación”? Explícao coas túas verbas.

5. ¿Qué farías ti na situación de Billy Elliot?

6. ¿Gústache o final da película? ¿Por que?



ACTIVIDADES PARA AS DIFERENTES ÁREAS


LÍNGUA E LITERATURA

1. Fai un breve argumento da película.
2. Se tiveras que facer unha distribución de personaxes en relación ás súas aspiracións e caracteres, ¿Onde os encadrarías? Xustifica a túa resposta.
3. Escolle unha personaxe e descríbea.
4. Localización: di onde e cando se desenvolven os feitos.
5. Cambia o final da película. Nárrao.
6. As palabras que indican procedencia dun lugar denomínanse XENTILICIOS. Di cales son os correspondentes a: Inglaterra, País de Gales, e Londres.
7. ¿Ves algunha relación entre Shakespeare e Cervantes? ¿Que sabes do segundo? PISTA: celébrase o Premioe o día do libro.....

XEOGRAFÍA

Busca Inglaterra nun atlas:

1. Sitúa as súas cidades e rexións máis importantes.





2. ¿Cal é a súa capital?
3. ¿Coñeces algún río?
4. ¿Onde se localiza?

HISTORIA

1. ¿Que sabes da historia de Inglaterra en séculos pasados? ¿E da época actual?
2. ¿Que territorios asiáticos pertencían a Gran Bretaña e se fixeron independentes no século XX?

POLÍTICA, SOCIEDADE E CULTURA

1. ¿Que forma de goberno teñen os/as ingleses/as?
2. Que políticos/as coñeces dese país?
3. ¿Como cres que son os /as ingleses/as temperamentalmente?
4. En relación coa cuestión 1ª de historia: ¿Que personaxe destacou pola loita non violenta conta o colonialismo inglés?
5. ¿A que asocias o Día Mundial da Paz?
6. ¿Coñeces algún dos monumentos e museos de Inglaterra?
7. Infórmate sobre os sistema educativo dese país. ¿Cres que é máis rigoroso có noso? ¿Por que?



LINGUA E LITERATURA INGLESA

1. Fai un breve resumo en inglés da película.
2. Fai unha sopa de letras coas profesións que teñen as diferentes personaxes, por exemplo: mineiro, bailarín, policía, etc.
3. ¿Coñeces algún autor/a, actor/actriz ou músico inglés actual? ¿E doutras épocas?

MÚSICA

Ó longo da película aparecen diversas composicións musicais, a maioría pezas modernas, pero tamén ten unha especial importancia unha delas.

Imos darche algunha pista para que descubras de qué obra se trata e quen é o seu autor.

Obra:

- a. É unha peza de ballet.
- b. Fai referencia a unha ave.
- c. Esa ave é un símbolo do modernismo.

Autor:

- a. Naceu en Votkinski en 1840 e morreu en San Petesburgo en 1893.
- b. O seu pai foi enxeñeiro.
- c. Unha das súas obras mási coñecidas foi Romeo e Xulieta.
- d. Dúas das súas obras de madurez teñen título de contos.
- e. Compuso o “Cascanoces”.
- f. Foi contemporáneo de Chapí (La Revoltosa) e Albéniz (En la Alhambra).

Outras actividades

1. Fai unha sopa de letras con algunha das respostas que deches ás anteriores cuestións.
2. Busca información sobre esa obra “misteriosa”.
3. Audición de “O lago dos cisnes”. (O título da composición manterase oculto ata a finalización da audición e, logo dunha reflexión sobre todas as pistas aportadas, ofrecerase ós/ ás alumnos/as).

CINE

1. ¿Coñeces os seguintes tipos de planos cinematográficos: xeral, de conxunto, americano, medio, primeiro plano, plano de detalle?
2. Infórmate, xunto co/a profesor/a, sobre os tipos de ángulos de visión: medio, picado e contrapicado.
3. Busca en periódicos ou libros fotos que representen os diferentes planos e ángulos de visión.
4. ¿Sabes cal é o decálogo do bo/a espectador/a?

METODOLOXÍA

Proponse a seguinte secuencia metodolóxica, sen menoscabo doutras que a/o docente desexe ou considere oportuno realizar:

- Ofrecerase ó grupo verbalmente, por parte do/a docente, unha breve información sobre a película que vai ver, empregando unha linguaxe axeitada á madurez do mesmo. Neste punto poderase empregar a información ofrecida na reseña desta Unidade, xunto cos comentarios ou aclaracións que sexan precisos, mais non aportando demasiadas “pistas” do fío argumental.
- De seguido, a totalidade dos integrantes do grupo verán a cinta.
- A continuación procederase á realización dalgunhas das actividades de transversalidade propostas, ou ben a súa totalidade, en función do tempo disponible da sesión ou sesións previstas por parte da/o docente.
- Apórtanse outras actividades complementarias para traballar por áreas, se o titor/a ou docente o cre oportuno realizaraas na titoría ou nas horas de materias específicas.
- Finalmente proponse unha reflexión sobre os temas máis interesantes e valiosos para abordar a transversalidade: xénero, tolerancia, sexualidade, etc.

RECURSOS MATERIAIS

- Para os temas transversais: vídeo e cinta da película, aula espaciosa para o agrupamento, etc.
- Para as áreas específicas: mapas, discos, vídeos, textos, etc.

AVALIACIÓN

Propoñemos unha avaliación a realizar nos tres momentos básicos, e que se podería

complementar cunha avaliación diferida co visionado da película un trimestre despois de ter traballado sobre ela na aula e observar qué comentarios suxire ese novo pase da película ós alumnos e alumnas que traballaron criticamente sobre os temas tratados na mesma:

□ *Avaliación inicial, a través dalgunha das actividades propostas, despois de ver a película. Exemplo: ¿Que entendes por tolerancia? ¿Respetas a toda persona, sexa da cor ou idea que sexa?*




□ *Avaliación continua. Esta avaliación do proceso de visionado da película, de realización de actividades, de comentarios feitos, debates suscitados, etc., realizarase basicamente a través de dúas técnicas: a observación do grupo no seu conxunto e da diversidade de opinións e actitudes individuais e, por outra banda, a través de respostas escritas dadas ás cuestións propostas.*

□ *Avaliación final. A recopilación de actividades puntuais, en función dos intereses do/a docente, as notas tomadas froito da*

observación das actitudes e comentarios realizados durante o visionado da película e a posterior realización de comentarios realizados durante o visionado da película e a posterior realización de actividades

AS TÉCNICAS E INSTRUMENTOS

A avaliación basearase na observación da dinámica da aula, a través dun pequeno anecdotario que cubrirá o/a docente e un membro-portavoz do pequeno grupo de traballo e na análise das respostas escritas dadas ás cuestións formuladas nesta unidade didáctica.



BIBLIOGRAFÍA

- AA.VV. (1995): *Nombra. En femenino y en masculino*. Madrid, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Instituto de la Mujer.
- HERNÁNDEZ MORALES, G. E JARAMILLO GUIJARRO, C. (2000): *Violencia y diferencia sexual en la escuela*, en *El harén pedagógico. Perspectiva en la organización escolar*. Barcelona., Edit. Graò.
- BONINO MÉNDEZ, L. (1999): *Violencia de género y prevención. El problema de la violencia masculina*. Fondo para la Prevención de la Violencia de Género. Fundación Mujeres España/documentos: www.fundaciónmujeres.es/fondo/
- INSTITUTO DE LA MUJER (2000): *Prevenir la violencia. Una cuestión de cambio de actitud*. Madrid, Instituto de la Mujer.
- JOURDAN, C. (2000): *Educación en relación*. Madrid, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Instituto de la Mujer.
- MEDIAVILLA CALLEJA, M. (2000): *Aproximación a un "Recorrido por el diccionario de la Real Academia Española: representación de mujeres y hombres"*, en *En femenino y en masculino*. Madrid, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Instituto de la Mujer.
- XUNTA DE GALICIA (2000): *El inolvidable Simon Birch*, en *O cinema no ensino. Educación en Valores*. Santiago de Compostela, Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas.
- XUNTA DE GALICIA (2000): *O centro educativo. Un espacio para a igualdade entre nenas e nenos*. Santiago de Compostela, Seminario Permanente de Educación para a Igualdade.
- VARGAS, A. (2000): *La diferencia sexual y su representación en el Diccionario de la Lengua Española*, en *En femenino y en masculino*. Madrid, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Instituto de la Mujer.